

XXVII edición da homenaxe “A escritora na súa terra - Letra E”

Cee / 12 de xuño de 2021

A Homenaxe O/A Escritor/a na súa Terra, impulsada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), chega este ano á súa XXVII edición recaendo, por decisión unánime da súa Asemblea de Socios e Socias, na figura de Concha Blanco, que elixiu ser homenaxeada en Cee.

Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da Asociación, e tense constituído ao longo de máis de dúas décadas como unha celebración na que a terra de acollida do/a homenaxeado/a ten unha presenza fundamental. É vontade da AELG honrar escritores/as procurando o contacto directo co autor/a e a súa implicación persoal na xornada de homenaxe.

Unha celebración múltiple e popular en que se vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón Letra E de escritora (unha peza escultórica de Soledad Penalta), a plantación dunha árbore simbólica (elixida pola autora) e a colocación dun monólito conmemorativo.



asociación de
escritoras
escritores
en lingua galega
www.aelg.gal

ANTERIORES MERECEDORES/AS DESTA GALARDÓN

I Edición **ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS**
1995 • Boa, Taramancos

II Edición **BERNARDINO GRAÑA**
1996 • Cangas do Morrazo

III Edición **MANUEL MARÍA**
1997 • Outeiro de Rei

IV Edición **MARÍA XOSÉ QUEIZÁN**
1998 • Vigo

V Edición **XOSÉ NEIRA VILAS**
1999 • Gres, Vila de Cruces

VI Edición **UXÍO NOVONEYRA** (póstumo)
2000 • Parada do Courel

VII Edición **LUZ POZO GARZA**
2001 • Ribadeo

VIII Edición **XOSÉ CHAO REGO**
2002 • Vilalba

IX Edición **XOSÉ FERNÁNDEZ FERREIRO**
2003 • Nogueira de Ramuín

X Edición **SALVADOR GARCÍA-BODAÑO ZUNZUNEGUI**
2004 • Teis, Vigo

XI Edición **PURA E DORA VÁZQUEZ**
2005 • Ourense

XII Edición **MARÍA DO CARME KRUCKENBERG**
2006 • Vigo

XIII Edición **MANUEL LORENZO**
2007 • O Valadouro

XIV Edición **XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR**
2008 • Melide

XV Edición **AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ**
2009 • Vilalba

XVI Edición **MARILAR ALEIXANDRE**
2010 • Santiago de Compostela

XVII Edición **PACO MARTÍN**
2011 • Lugo

XVIII Edición **XAVIER RODRÍGUEZ BAIXERAS**
2012 • Ribadeo

XIX Edición **MARICA CAMPO**
2013 • O Incio

XX Edición **XABIER P. DOCAMPO**
2014 • Castro Ribeiras de Lea

XXI Edición **XOSÉ Mª ÁLVAREZ CÁCCAMO**
2015 • Vilaboa

XXII Edición **HELENA VILLAR JANEIRO**
2016 • Rianxo

XXIII Edición **MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO**
2017 • Lugo

XXIV Edición **Nacho Taibo**
2018 • Oleiros

XXV Edición **Pilar Pallarés**
2019 • A Coruña

XXVI Edición **Vítor Vaqueiro**
2020 • Santiago de Compostela

11:15 Praza Concha Blanco
Descubrimento do Monólito conmemorativo e plantación do pradairo/acer (árbore simbólica da escritora)
Interveñen:

- **Margarita Lamela**, alcaldesa do Concello de Cee
- **Cesáreo Sánchez**, Presidente da AELG
- **Concha Blanco** Letra E 2021

12:15 Inauguración oficial da Praza Concha Blanco
Interveñen:

- **Margarita Lamela**, alcaldesa do Concello de Cee
- **Concha Blanco** Letra E 2021

12:30 Casa da Cultura de Cee
Acto de entrega da “Letra E”
Interveñen:

- **Margarita Lamela**, alcaldesa do Concello de Cee
- **Cesáreo Sánchez**, Presidente da AELG
- **Laudatio da autora**, por Pilar Sampedro
- **Soledad Penalta** Entrega dunha peza escultórica da súa creación
- **Concha Blanco**: Intervención do homenaxeado. Resposta á laudatio

14:30 Xantar de confraternidade
Restaurante Hotel Oca Insua Costa da Morte, en Cee (Avenida de Fisterra, 82)

Aberto ás persoas previamente anotadas, seguindo os protocolos sanitarios vixentes.

asociación de
escritoras
escritores

Concello da Cee, 12 de xuño de 2021

Concha Blanco forma parte dese exército de persoas que van provocando cambios silenciosamente, sen interese en que se lles vexa, movéndose entre as sombras.

Os seus inicios na escrita son a resposta á demanda de textos na lingua propia para o seu alumnado, logo de observar a carencia de literatura acaída para os máis novos: “Eles foron o punto de partida, facía as historias para min, para ter material co que traballar e dignificar a lingua, e tamén para eles, para que a visen e tamén se visen na literatura”. Nesos primeiros textos os personaxes son eses rapaces e rapazas, incluso cos seus propios nomes. Desa maneira provocaba que se recoñecesen, un efecto buscado, pois con eles a lingua vai entrando na escola despois de séculos de afastamento. Isaac Díaz Pardo interesouse por eses traballos que se lle presentaron baixo uns títulos tan humildes como auténticos: *Contos para a escola e Cousiñas para a escola*, porque diso se trataba.

Este é o comezo dunha carreira de máis de corenta anos e medio cento de libros que enriquecen o noso sistema literario, unha traxectoria na que nunca deixou de pensar que as palabras ían enfiadas co obxectivo de chegar ao lectorado. Ao longo dos anos, pois, non se afastou desta idea primixenia, o que non lle impide re-inventarse en cada texto, tratar temas actuais e, en definitiva, ir cos tempos.

Pilar Sampedro

XXVII edición da homenaxe “A escritora na súa terra - Letra E”



CONCHA

BLANCO